

**Os Novos e as súas colaboración
nete poemario de luces:**

Brais Pedreira Taboada

Xesús E.M

Samuel L. París

Joaquín Crujeiras

“Os vellos non son os que escribiron ha= moitos anos -ueles son os devanceiros. Os vellos son os que escriben hoxe como se vivisen no antonte dos séculos (...)”

“Momias que fan esculturas á súa imaxe e semellanza. Mentres eles, cinguidos ó pasado, seguen cicelando estatuas feitas, fagamos nós, coas nosas inquedanzas,

unha nova figura, grotesca quizais pero NOVA ó fin, para retábulo dos tempos.”

Manuel Antonio, o punk.

El silencio de los gallegos

Expo 2046

expo 2046
galiza neardenthaloide

trascendemos e non sabemos contra quen

expo 2046
galiza y su lengua propia

batemos ás
voamos espiral

galiza ten mascota
sevilla foi un fracaso

tiñan curro
e agora non teñen choio
para que queren curro?
subsidio neardenthal

expo 2046
feijoo embalsamado sorprende ao visitante

galiza non ten curro

galiza ten curros
rexurdimos desde o paleolítico
ourense
ou?

galiza ten curros
curros-cabalos-na-néboa

galiza ten curros
excomuñón neardenthal

Vai-vén-an-xo-lor-en-zoh!

que ben te ven
e que ben te vén
que bien te ven
e que ben te vén

que ben te viu
xa te vin
cando todo veu
e ti viñeches en dicir que non
y al final fuiste
e cando penso que te fuches...

mala sombra veu
mala sombra vin
mala sombra tes
mala sombra ves
mala sombra
porque
aunque las luces
no te dejen ver el bosque
seguro que te dejen ver
la fraga

Auto-odio

dicía carlos blanco
que viu
nun festival de ortigueira
un negro
cunha camiseta
de burla negra

pois eu vin nun
san froilán
un retrasado
lendo
el progreso

"Sei que vos odio, con esa pose intelectual
a cuestión nacional."

Ataque Escampe

Dádeme unha historia a contraluz,
un barrio, unha aldea, a aba dun monte.
Dádeme unha ollada que me saiba a fariña e a auga
e unhas maus que teñan o tacto da artesa baleira.

Demolede os altares,
os estrados,
os escenarios,
os palcos,
as tarimas,
apagade os focos,
queimade os panos,
nuade os textos,
desarmade as voces.

Dádeme un remolque, un sentimento,
a vontade atronadora dun xesto,
non preciso máis.

Para vós os uniformes e as fronteiras,
para min esta chaira, a equidistancia,
todas as miñas aspiracións son non aspirara a nada.

Estrelas horfas do ceu poboan A Montaña,
ese imperio de reloxos amnésicos
no tempo que se curva e se abre na busca de novos tempos.
Cuarto minguante é o berce que acolle e mece
os nosos soños libertarios,
pasa o vento e muxe a noite,
baixan regos de leite pola aba
e un feixe de maus invisíbeis núan o río,
levan o leite e deixan a fame
inzada nos corpos dos labregos.

O leite aos nosos ollos é VERMELLO

coma o coma o sangue da terra roubad@.

A loita filosófica entre o ILG e a AGAL.

Vivimos obrigados pola existencia.

BMX

Recollías o orballo na casa de pedra cun xesto maxistral,
logo berrabas longas noites que sonaban a victoria,
prendías a lus nas palabras e chovía outra vez
e o caldo expandía a súa presenza
cunha brétema de cores ocres
por toda a casa.

Parecía aquilo un exército da chuva,
recollían do chan a auga e construían edificios
enormes nos que non cabían todos os seus soños
erguían unha ollada azul e vermella sen reparos,
orgullosos de seren vellos novos,raros,elos fundacionais
da radio de madrugada nos coches destartalados.

Hoxe tamén é día de chuvia na casa grande
pero un vento arremuiñado de lobos feridos
levou o lume da lareira e deixou unha estrutura anoréxica
de alcumes inventados naqueles días nos que aínda
a iñoracia nos gardaba de saber como eran os dentes
dos chamizos roéndonos as carnes desconsoladas.

Eucaliptos no future.

Négome a deitar o orvallo dos días sobre a cinza
e resisto en barricadas de chorima incandescente
a letanía de tellados húmidos e bocas secas
día a día noite a noite enfronte a nada e fronte a todo.
Que nos queren roubar a voz sanguínea e
a nube quindom dos soños da infancia,
que queren demoler os sábados pola tarde
para instalarnos a nós tamén nos
índices de aburrimiento por sofá e nas
estadísticas dos outonos sen fío argumental algún.

NON!

A min pésame a brutalidade de cada caricia,
empúrrame esta espiral suorosa de sete-da-mañan-medio-salario-en-negro-mañan-negro
e desato a violencia microscópica que se agocha nos pastores eléctricos cunha soa ollada.

Que nos queren ver feridos de morte,acomodados,
NUNCA,mentres siga mexando a historia na porta da nosa casa.
Que se metan por onde lles caiba a disciplina do desespero,
porque mentres siga existindo un ferrado de tristura
entre semana,setemilseiscientosnoventaetres eucaliptos
e os rapaces e as rapazas descubran na escola que
hai vogais abertas e pechadas neste país
non haberá futuro.

Fiscalidade progresiva

Alghún domingo os meusabuelos dábannos
aos netos cinco euros eu bruto
que nos metía no peto
case á forza e ás agachadas

diçíndonos:

Ten tino rapas,que non chos vexa a túa nai

x r
e i
n b
c u
i t
a a
r
i
a.

dedicadoatodoslxsgallegxsjarcors

nunha pinga olloume
para que ficase na morte
para que a ficase esvarando inerte
deixando na xanela unha mistura de historia de pus, de sangue e semen

na historia,
sen ser,
o berro xordo nun outeiro pola MATRIA
 enferma
pecháronlle a boca, caláronlle o vento
 vivindo nunhas bragas atadas nos nocellos
no asfalto dun polígono xeados polas enfermidades
 de transmisión
 socialdemócrata

 os fillos bastardos da MATRIA
 tiran pola goma do odio
 e ven baternos na lingua
escrava a MATRIA coa LINGUA enferma
de querer usala
foi apedreada

 os bastardos quéreanse aproveitar dos senos xélidos
 cúspide do camiño que comeza
a versar na pel branca e fría
das mas experimentadas da pelve experimentada axitada
fertilidade intacta
da puta da vella
que non quixo exercer
 e aínda afoga na longa noite de pedra.

se tal
berrade máis
case, case, CASE parece
o intento de afogar todo o ar nalgún comentario

sobre a política exterior dos señores que a
violan

(o sete é número curmán
da prima de risco,
tía do vicente)

Demo

cra (A SUPERMARTXE É ALGÚN tipo de merc adillo?) cía
pero é unha demo,

“estamos trabajando en ello”

podemos estar tranquilos abrir a boca apuntar ben e desfacer dun tiro o padal

calquera pode coller unha palabra e dicila (DICILA)
calquera pode escribir (collós)
calquera pode pintarse un traxe
mirades
cos ollos iluminados polo efecto secundario da vaselina
e o latex en simbiose
fachenda, ollo, do cu, agora "rojo" (Marx Vive no teu ano "galleguista" de Madrid)
ao fin
eles engraxan o funcionamento,
digo,
o non funcionamento dunha máquina
que cheira a jomina e colonia e vaselina e latex queimado
e
seguen falando
e dalle
e veña
non se lle derreteran as linguas nunca, non
non se lle revoltaran as palabras en forma de metralla
grafitis en todas as paredes
par e impar dá ijual
as ensinino e branqueo
as pintadas fascistas
e tamén temos a jadis, que non o din todo
a altas horas da mañán
as trece horas da mañán
xente falando de solucións
a cada día distinta e definitiva
e a min gústame ver os debuxos
mais non podo despegar os meus oídos
da tivi

que queres?
que qué quero de ti

un paco
para que como mesías vázquez
nos explique o funcionamento
da política de gas e búsqueda e caputra de rapaces
españolfalantes
por promover o bloqueo a cuba
ou
non sei
que de chuzarse coca
catalana

Explícallo ao teu Feto Morto

Non es

bisneto dun señor que escoitou na radio como remataba a República, confuso

Non es

neto dun home que veu pola televisión como remataba a ditadura, con medo

Non es

fillo dun rapaz que contou en internet como quedaba sen dereitos, apapahostiado

Non es

porque non naciches, e non nacerás por todo o anterior, criatura

Non es

porque non quixemos nós que foras, ou quixemos, pero non puidemos. Disimula

21-O

A sociedade en contra:
de Anaxágoras
de Copérnico
de Galileo
de Tesla
do votante de esquerdas galego

Aos primeiros doulles a razón o tempo
aos galegos o que nos dá o tempo son hostias
e aceptámolas, sen máis reflexión
que a de tentar chegarnos ao nabo
podíamos tentar outra cousa
pero a nós vainos a épica do maltrato

Imos todos, veña, a consolarnos
canto valemos e que pouco se nos escoita
e veña bota viño, que imos debater
debater, de váter, de bater, bátenos, por favor
a nós, para todos nós, para ninguén máis
nós imos refundar a democracia
sadomasocracia
queremos empalmarnos e chorar, por esa orde

Os mocos son o mellor lubricante para facernos pallas
coa autosuficiencia que nos dá ser uns perdedores
coa superioridade moral de coñecer a verdade
coa forza e adrenalina que nos dan facer a revolución
coa botella de bágoas da Galiza Crítica e Cívica
coa puta esquerda chea de callos de tanta palla

É moito máis fácil dicir non nos entenden, non
que dicir non entendemos, non

Os Medios

Os nosos

Os da nosa corda

Os que atacan o mesmo ca nós

Os que defenden o mesmo ca nós

Os que poñen as novas que nos interesan

Os que me fan pensar que na esquerda tamén hai idiotas

As porcas porcos non berran berron como antes

A Evolución do E-mail Pasivo/Agresivo

Farto das discusións por mensaxe coa túa exparella?

Farta de acordarte de el e de tódolos seus mortos só verbalmente?


Demasiado mentalmente estable para darlle unha malleira ou pagarlle a algúen para que o faga?

A Teletenda DIY dos Poetas Rancorosos presenta: TUPPERS-EX:

A maneira de ter un detalle elegante coa túa exparella e acabar dunha vez con tanto drama e tanto sufrimento innecesario!

Só precisas:

- 1) Un tupper ou unha friameira.
- 2) Defecar dentro e pechar hermeticamente.
- 3) Pegarlle esta etiqueta:



- 4) Deixar o elemento na porta da casa da exparella en cuestión.
- 5) Tocar o timbre e marchar con dignidade.

Con **TUPPERS-EX** castiga dunha vez a esa persoa que fixo de ti a miseria humana que es hoxe.

Son Consciente de que hai Xente que Chora cas Despedidas

No corredor deixei escrito:

A MIN IMPÓRTAME HOSTIAS

E marchei, marchei para a casa

pensei que era a mellor pintada da historia

despois confundín unha sombra cunha pantasma

esa foi a última vez que pisei esa cidade

Pero hei volver, sempre se volve

Non hai sitios malos para vivir

que os seres humanos os convertamos en lugares insoportables xa é outro cantar

Enigma trágico

Rebenta un Corazón en Plena Rúa

O suceso conosciounou Santiago de Compostela durante a mañá de onte, rebentou un corazón na rúa de Miguel Ángel Blanco. Segundo as testemuñas do suceso un transeúnte ía falando polo seu teléfono móbil cando despois de colgar, suspirou forte e o seu corazón estoupou sen facer ruído ningún.



O corazón deixou unha marca na parede ao estoupar

Arestora os médicos aínda non atoparon unha explicación para tal suceso, a vítima, J.C.R., nativo de Ribeira e residente en Santiago de Compostela estaba completamente san, non tiña antecedentes familiares de explosión de corazón, non fumaba, non bebía nin consumía droga ningunha. O seu corazón simplemente estoupou.

Mais o grande enigma que deixou a explosión quedou gravada no muro da rúa, o corazón deixou unha pintada: un corazón branco e gastado. Ninguén atopa explicación para ese fenómeno tampouco, expertos en arte e pintura veñen de examinala sen obter probas concluíntes. Simplemente a explosión marcou así a parede.

As autoridades sanitarias non están preparadas para un andazo de corazóns que estoupan se se dera tal. De feito, ninguén está preparado para que lle estoupe o corazón.

"Sei que percorrín o camiño errado.

Xa o sabía entón.

Nin me importa agora nin me importou daquela.

Tódolos camiños son errados."

Baldo Ramos

Pasou xa o tempo de debullar os cotenos
contra as paredes, de detonar as amídalas a berros,
de inmolarnos mutuamente contra os beizos.

Vou ergher un muro infinito contra o pasado,
cuspirlle na cara ao futuro
e facer pogo co presente ata que me saia o nariz.

A ver se así se me esquece dunha puta vez
a vibración aghridoce dos teus ollos,
os teus dedos con sabor a choiva
e o silencio que se che enreda nas costelas polas noites.

Hostia.

diás poros

Cada cona que como é unha coma
no corpo alleo que me consume ringhlón torçida
soño cun revólver punto e aparte
entre cella e cella para proseguir
dende outra óptica a gramática
abstracta destes días sen valor
para pronunçiar coraçóns con faltas
de ortoghrafía rubia da cuarta-feira
á noite, non busques entre as sabas
do sábado abelaíñas de resaca que
susurren ou tezan diálogos de aspirina
para crear tactos sinónimos,
non, buscádeme en marathon inferior
co amor na gorxa e a carne feita
mistos misturado azul e branco
vermello que arde fume berra e logo
éxtase orgánica. Aquí son pleno
coma unha faísca que voa e se consume
bébeda de osíxeno e luz.

Cristalpronunciagánsparentralatele

"Ghosts of love are going through the blinds"

Alexisonfire

Non o entendes,
é a morte a que verque a súa sombra
en cada cousa que nos chama e nos insulta
coa presenza hostil do que sabemos
nunca nos pertencerá fora dos ollos
que circundan a súa estancia imprecisa.
A penas nos queda o reclutamento,
evitar que os días pasen
coma pasamos os canais do televisor,
evitar a hipnose dos semáforos
que dictan o noso espazo e o noso tempo

buscar espazos de destrucción
onde caiba a lentitude do aceite
baixo a auga e poidamos xogar
co gume das esferas entre
vagas de cables e luz eléutrica
abrindo a atmósfera traseira dunha violencia
estática sobre a corda que tensa o abismo
onde se sostén a última gota do sexo
no que aínda sobrevivo. E poido sentir
a túa voz ao lonxe desgarrándome
dende un tempo que xa non existe
pero que está aquí, AÍNDA,
na humidade da herba azul
que sangra o chan nun
delirio de madeira
xemente erótico doente
dos anos e do tacto
enfermizo da terra.

A min empurrábame unha foza delictiva
contra todo e cara ti.
Era coma derrubar a densidade dos corpos,
inzarnos mutuamente e con violencia
do odio que nos mantiña
acesos e fríos, sedentos.
Eramos insuxentes nómadas
durmindo en hoteis de mala vida
onde o ruído impedía situarse
espacial e socioeconómicamente.
Eu quería falarche de histoia,
da URSS?
Non, da remontada contra o País Sant-Germain,
de como o fío das botellas rotas podía ser unha forma de vida.
Pero disimulaba, facíame o tonto,
ti dicías que se me daba ben
e eu críate porque fomaba parte do guión establecido,
Era un día calquera, había que pillar,
hoxe máis que nunca, porque sí.
Non lembro o lugar nin a estancia
pero de súpeto era veneres á mañan
e unha luz inflamaba o espazo
difamando a túa roupa.
Avispas esquizofrénicas nas veas lembrábanme o son das fronteiras,
non nos coñeciamos,
tiñamos un pollo e medio e unha resaca de carallo,
e na galega non botaban nada interesante.

Fuêmmme

Podería inxectarme pequenas doses de observación
dilatada, escondido nunha presenza televisiva
que non interrompese o transcurso dos teus xestos imprudentes.
Podería volver a ocultarme nesta existencia espúrea,
deixar que o desgarrar me descoyuntara pouco a pouco
e tan só irromper de vez en cando,
coma un recordo inoportuno feito carne
a penas invisíbel pero obrigado
pola nostalxia do recordo.

Ou podería distorsionarme e mutar nun son metalizado
que perforara cada un dos teus pasos sen permiso
alunizando as túas imaxes cos meus ollos,
destrozando a pleitesía dos obxectos
no teu corpo ata que a vibración
intermitente dos meus xestos
derretera o silencio das túas
pálpebras mentres quedara
un resquicio dos desquicios
que construíron este solsticio
de espellos carcelários.

Ou pedería fumarme outro,
que me está subindo bastante

Este era o deus que non era tan puro

cando vexo sinaturas
contratos e reproches
 (che-che-che)
penso que a nosa fuxida
poderíase facer
 (tramar)
desde o balcón das redes e das cervexas
como un barco esixentemente pirata
 ácrata
 e segregacionista

eros-kiero-s-kiero-eros

atravesei vietnam
cos ollos infectados de cervexa do eroski
escoitando a creedence na súa versión eroski
soñándote en soños de marca branca
levándome por diante a virxes de cinco anos con eroskizados himes
mentres sorría ao meu sarxento de mente dous por tres
confiando en que cando volveuse ao fogar
non tiveses aínda aquela pirola
na
boca

Um estilinho (mais) sério

quixese que o noso
amor
fose carlos baute
para engordalo
e dar de si
todos os pescozos
das súas camisas

Onanirmo

a miña moza de ibiza
deixoume

como o superei?

con cinco amigos
da palma

estou infectado foden(r)

levanteime

a noite aquela, teríame levantado

e así,

pouco a, pouco escoitaría, as rochas molladas

comeríache as bragas, e sen embargo moi, pouco a pouco

ficaría, nas

SABAS

na súa brincadeira **sobre o teu corpo**

empapándose

isto, e, aquilo

e, escoitar o interior, da terra

no eco

da, túa saliva,

batendo

no meu padal

bolchevique e narcotizado

teño a teima

de (re), facerche

e quero (re), facercho

de costas, a través, na pel fas

que, lembre a, táboa

es a, que, espiume

e os pés

xunto a, cota, de malla,
co teu ir, e vir
subir, e baixar
adiante, e atrás

e unha estrofa

nesta, silla.

espero sinto a ferverza, do teu almacén de palabras
esvarar,

pola simplicidade

do meu corpo

humillado pola sombra

das candeas apagadas e o silencio batía nas caras

suábamos, para rematar

“FOMOS ficando sós

o Mar o barco e máis nós.”

a dignidade inventouse
pero non a merquei
non ía a xogo coa túa lencería de seghunda man
nin co ton da miña pel núa na escuridade
daquel vertedoiro que desfixemos
e só quedaron os restos
do
adro

a lingua apolítica

zugariache até a
última das letras que puidesen
esvarar
dos teus beizos
mentres erghes unha barricada e
privas de sangue a miña memoria de
séculos
coa superficie xélida
do teu
xa recurrín a él
muro das lamentacións
de
muslos
de pedra

acháronte
masturbando
a cola
do inem

Filósofos somos i na angustia nos atoparemos

os meus problemas
existencialistas non
se solucionan con alcol
pero lubricanse
e convértense en supositorios
moito máis levadeiros

atopeime un cabelo longo
adimensional e atemporal
que chegaba do leito xélido e abafante
daquelas noites
saudou lixeiro por non facer memoria
suou o si e o non e o máis e os beizos mancados
e afogou no champú para cabelos lisos
desa outra

aínda así, aínda con esas, esas

S

ese soa sob as sabas, só

atopo folgos imaxinado un coitelo ferruxento

as vísceras

arrincadas

esvarando na folla

e non penses mentres follas

dos árbores caen no limiar do cadaleito

outonal

así

racho coas paredes dos abdominais e comezo a chorar sangue e a berrar

vísceras

(bis) (queren un bis)

o xenoma humano léocho eu e

só hai que ver

dende a outra esquina do cuarto
pálida insatisfeita sen atopar que facer por min
pensas que non hai nada que facer

eu só /

tamén

o penso

fozaba en min coa forza usuraria dos que comen as faragullas
en louza de cristal en

a

n

a

cos

mentres lle suministran

unha pequena

dose do suor dos

homes e mulleres

de oito a 00:99 da noite chorreando
nos uniformes a frol do seu esforzo
e da súa mocidade
e só penso
e só escoito
chorando

e sentarame ben c

h

o

r

ar

nesta noite

baleirado

coma un títere

durmín

no pretérito condicional e futuro imperfecto

et

digo

versos mortos

no medio dun cuarto,

sen fuxitivas bolboretas de cristais de luz

senón

sombras

de fame

cegas

de escuridade

e silencio.

Fito

un espello

a cada corazón ceibe

baleirado polo chumbo, chumbo, nun charco

de isto

isto é todo

O caos é o hábitat dos inconformes,
crin escoitar entre bicos,
o que? nada,eu non dixen nada.
No reverso do silencio frolecen detonadores,

tic

tac

tic

tac

tic

tac

e ráchano cunha caricia fonética
que recorda ao tacto da areísca
Demasiado tempo acumulado
nas cunetas dos días idénticos?

Nada diso,somos escravos
dun tempo hemofílico.

Percíbelo?

o que?

A desaparición do desapercibido,

o bálsamo das cousas que son constantes.

Nunca pretendín comerme o mundo
por medo a atragantarme cun fracaso aprendido
de memoria dende o inicio
coma unha vella lección
de escola.

Eutielnósvós eles
inmersos nunha absurda carreira
por disimular as miserias da existencia
e ser alguén,é dicir,non ser nada.

Subindo escaleiras mecánicas
en dirección contraria.

"Si la generosidad y la fidelidad a sus amigos, a los que socorre en los trances apurados, son rasgos caracterológicos muy típicos de Sartre, no lo es menos su agresividad, que se proyecta en principio contra su propio origen y luego contra aquellos a los que considera sus enemigos. Procede contra ellos de manera implacable."

Walter Biemel

Quero fender o muro en carne viva
e sentir o xemido da terra ao masturbala cos meus pasos,
berrar o desgarrar das froles que se arrincan
como fillas indecisas expulsadas
bruscamente cara a nosa propia vida.
Quero sulagar os sótanos deste mundo
que me agrede con cada visión desherdada de sí mesmo,
con cada día manufacturado que nos devolve a espiral
inútil da que nunca soubemos facer bandeira.

Que a penas queda xa só a esperanza de que o teu
corpo me indemnice construíndo
o espazo constante segredo
da derrota do medo e que permaneza,
bébedo dos teus ollos, nese futuro
tantas veces habitado no recordo
xa algunha vez percorrido na tua ausencia
coma a cidade berros ultras que creei
para os dous de camiño ás nosas
propias orixes.

Quero chegar a ese mundo posíbel na
historia do universo no que Sartre
é un redskin borracho e posto de LSD
no Parrús mentres soan os Diplomáticos.

Sería tan difícil manter este equilibrio vermello vertical
con todo o que me inspira,desfrutar do asedio
das ortighas que lle nacen nas mans ao vento,
aceptar a extraña luz que aportan as palabras frontais,
redimirse na lentitude do cheiro a gasolina
que emana de cada pantasma calcinada.
Sería tan difícil manter o equilibrio azul da casualidade
que case me atrevería a chamalo destino,
ou mellor dito erro,outro erro intuído
no sangue que osixena unha nova metamorfose
pero esta vez ao revés,así que chmémoslle rexurdimento
a saltar ao baleiro de espaldas para rachar o círculo envelenado
e soportar de novo o equilibrio ou,mellor dito,dunha vez por todas.

Illado aire.

Eu vin berrar ó sangue espido
con voz de toxo incandescente
letanías de homes e mulleres a ferro e lume
cuspíndolle na cara á propia vida
cos petos inzados de soños
desherdados deste mundo

e logo ameite
e logo deixeite de amar

e sentinme ben sendo grau
no centro da mancha,
sendo a penas a nada irrepitíbel
e sendo un,eu,AR(r)EA,
e nada máis.

O variável padrão da puta da subjectividade

os xeados sen previo aviso
os balcáns e mais as gónadas
amosar os dentes á terceira idade de pedra
xerar sagrarios inanimados
escribir sobre lápidas dos irmáns por soterrar
sentirse blowjob sentirse blowjob
 ceibarse á idea do save yourself
baudelaire na semifinal de salto de altura
paraugases cun plural mal definido
gases parados nun espectáculo teatral calquera
o terceiro a do días das letras galletas
deshipnotizar un mongólico bébedo
mercar pedras ao prezo de millo alternativo
beber café con pétalos de historias resucita-das-na-na-da
maldicir o fume dun corvo femia que caía ardendo en lapas azuis
as circunstancias
as circunstancias dos balcáns xeados
a sepultura do que nunca se escolleu a si propio
o xesuscristo da pintura de dedos
e ti para mo contar
 coas mans atadas

Um conceito muito amplo que admite diversas definições

carreira continua

cinco horas arribabaixo

un integrista do fitness

nazi graxa lardo do bisté

cansa

cansa cansa

cansa cansa cansa correr tanto

evaporación constante

ducha

enfilas para cama

espertar maniotas

traballo impostos hipotecaralladas

manter unha opinión

ser leal

ser fiel

equidistancia

e que dis?

e quen o sabe?

arrombar a vida

emocións cacharros cargados

xeos xeos xeos desvirgados

escoitar rir sorrir manter un estado de desánimo

economía submerxida

felicidade submerxada

mexada á altura do nocello

consello de guerra

relación emocional

coidado non nos agobiemos

coitado

non sabes o que queres

se ti estiveses onda min

tirar unha fotografía bicos lingua

fotografías na cama

lenzos brancos de encaixe

suor cama

nazis do sexo

tócame naquel sitio

lámbeme como onte

non

así non

dixen como onte

non sabes facer nada

tócame daquela forma

déixao así non se pode

déixoo así non se fode

terra promesas

tradición

hipotecamadas de fillos

relación emocional política dos sogros

ter un traballo

boa cousa

catolicismo non practicante

boa cousa

rapaz de ciencias

coche novo do trinque

véxote e véxome cando era novo

mais non es novo

cheira a morto

boas intencións

ficar a comer durmir na de invitados

os amigos de cando en cando

bar de sempre

historias nenos fumando no soto

sotto voce susúrame veñen teus pais

o cigarro no peto

lume e fume todo un

risas despois das hostias pretéritas

contos

andar aos contos

cantos contos contas

resaca mulleres fodedumes partilladas

conas que xa eran de todos
conas das que até se opinaba
taboleiro anuncios conas para grupo de teenagers
mulleres non son persoas dicía dende a barra do bar
e que ben recendían

rendir
rendirse
dicir a todo que si cando non
dicir a case todo que si cando sempre é que non
 asumir
ser un máis
arquivos datos persoais ser un número
votar mandar unha mensaxe en nadal
 ser especial para un grupo reducido de persoas
non transcender sobreporse ás derrotas
 disfrutar da nada
confiar nos demais
cada sorriso e cada momento especial
 facelacaparadesfacelacamadesfacelotodo
desfalecer na cama

mañá será outro día

outro día exactamente
igual

O venres pode ser un bo día para que morra un deus

supoño que podemos xustificar
todo isto
se temos en conta que
 inclusive
xesuscristo
repartiu hostias no templo

a onde vas?

deus cansou de ser o que apanda

o último-derradeiro número é o do noso día

supoño que podemos xustificar
todo isto
 meu ben
se temos en conta que
deus
 que é eterno
 é que é tres entes
 padrijospiritusanto
pasou morto un día

e celebrámolo un sábado

aspalabrasaspalabras-irmán

nada fica errado
nada fica vivo
nada fica no seu sitio
nada fica errado
e alí ficaremos nós

xuntos
vivos
e fóra do noso sitio

Os Novos

Somos o underground
E vimos con gana de nada

Os mortos de fame entre os mortos de fame
A cultura ignorada pola cultura que silenciaron
Os fóra de lugar entre os apartados
A vangarda que abala o inmovilismo cultural
Os que traemos novos aires vellos
A miseria dentro da desnutrición
Os que nos valoramos nos bares
A creación sen lustre e ilustrada
Os que morremos antes nacer

Somos os novos
E traemos máis merda
A merda que non lle interesa a ninguén
A merda necesaria

Estamos encantados de coñecernos

Ni de Izquierda ni de Derecha

A clase media foi un conto traído da Pampa
pampa quedaches ti cando chegou o ERE

Recolla as súas cousas e volva á realidade
por vivir por enriba das posibilidades
esas que lle ofreciamos nós
os mobles-de-deseño-a-precios-para-todos
as novas-tecnoloxías-que-facilitan-a-vida
os créditos-que-xa-irás-pagando-non-te-preocupes-muller
os págoche-media-nómina-en-B-que-así-quédache-todo-para-ti

Foron enganos, que claro que non tes culpa ningunha

Os enganos están todos tristes, mirando para ti
para ti de gastar os cartos que non tes agora, se es capaz

Pasou en Ribeira

Unha noite metín as Rías Baixas todas polo narís
a tarde seguinte quería desaparecer
quería meter a cabeza polo cu e esvaecerme
ir para outra dimensión, onde non estar

Foi o máis parecido á morriña que experimentei nunca